

## As ONG galegas demandamos sensatez, xustiza e coherencia no proceso de acollida das persoas refuxiadas en Galicia

A Coordinadora Galega de ONGD e EAPN Galicia- Rede Galega contra a Pobreza, representantes de máis de 160 organizacións de acción social e cooperación ao desenvolvemento, facemos público este posicionamento en relación á acollida de persoas refuxiadas en Galicia. Facémolo co obxectivo de achegar sensatez e de esixir xustiza nun momento no que hai máis incógnitas que certezas arredor do proceso de acollida. Tamén ante a diversidade de propostas que se están a facer públicas dende as distintas administracións públicas.

Pretendemos que este posicionamento poida ser de interese para as administracións, os medios de comunicación e a poboación galega. **Porque temos claro que o fundamental en todo este proceso non é só a solidariedade senón que se garantan os dereitos humanos das persoas que están fuxindo da violencia, a guerra e a fame.** Para iso, facemos público un posicionamento no que buscamos contextualizar os feitos; expoñer as nosas demandas; e facer propostas de traballo conxunto.

### CONTEXTUALIZACIÓN

Nun contexto global de desprazamento forzado sen precedentes que obrigou a máis de 60 millóns de persoas a fuxir dos seus fogares como consecuencia dos conflitos, a persecución e as violacións de dereitos humanos, os Estados e as distintas administracións deben reaccionar e dar resposta á situación das persoas refuxiadas que chegan ás nosas fronteiras.

As organizacións de cooperación ao desenvolvemento e acción social consideramos necesario destacar que a problemática das persoas refuxiadas non é nova: no Estado español hai xa centos de persoas solicitantes de asilo ás que non se lles está dando resposta. A atención na única Oficinas de Asilo e Refuxio de Madrid, onde se tramitan as solicitudes de asilo, leva anos colapsada. Actualmente, o proceso de obtención do estatus de persoa refuxiada chega a demorarse ata 5 anos, motivo polo cal unha parte importante destas persoas acaban por regularizar a súa situación por outras vías legais como o arraigo social, o cal significa que perden todos os dereitos que establece a [Convención sobre o Estatuto das Persoas Refuxiadas](#), como, por exemplo, o dereito a unha vivenda.

A lexislación europea e española tampouco facilita as cousas. O [Reglamento de Dublín](#) establece que o Estado responsable de tramitar a solicitude de asilo é o primeiro país do territorio Schengen que cruzan as persoas refuxiadas. Dende hai meses, isto está a provocar un atasco en países como Italia e Grecia; e, actualmente, en Hungría, Serbia e Austria. Esta situación podería comezar a solucionarse coa creación de corredores humanitarios para que as persoas refuxiadas poidan pedir asilo en diferentes Estados. Por outra banda, é importante destacar que non existe un sistema común europeo de asilo e refuxio. E no caso do Estado español, a [Ley 12/2009, de 30 de outubro, reguladora del derecho de asilo y de la protección subsidiaria](#) é do ano 2009, pero o regulamento para desenvólvela é de ano 2003 e fai referencia á anterior lei.

Respecto á cobertura informativa, consideramos que en moitos casos se está a ofrecer información superficial que non permite entender as causas reais que levan a milleiros de familias a deixar o seu país. Familias de Siria, de Iraq, de Somalia, de Eritrea que chegarán ao Estado español e das cales aínda temos moi pouca información e tamén descoñecemos o número total (en todo caso, e segundo os acordos da Comisión Europea, será unha cantidade ínfima respecto ás necesidades).

Por outra parte, é importante recordar que en Galicia xa hai persoas que chegaron hai meses e que se están a atopar con moitos problemas para conseguir o status de refuxiada/a e acceder aos servizos que garantan os seus dereitos. Hoxe este é o caso de persoas de Malí, Urania, dos Territorios Saharauís e mesmo de vítimas de trata de seres humanos.

Consideramos moi positiva a ola de solidariedade xurdida entre a poboación galega con respecto ás persoas refuxiadas e a vontade de querer acollelas nas súas vivendas particulares, pero desaconsellamos esta posibilidade polo serio risco de frustración que pode supor no futuro. Aínda que é factible en determinados casos como no dos menores non acompañados/as (sempre segundo establece a normativa e os procedementos de acollida), non semella sensato seguir ofertando esta posibilidade dada a complexidade e a previsiblemente extensa duración dos procesos de acollida e integración.

As persoas refuxiadas teñen dereitos recoñecidos na [Convención sobre o Estatuto das Persoas Refuxiadas](#) a cal establece que o Estado de acollida é o encargado de ofrecer unha vivenda digna que se adapte ás necesidades destas persoas. Como en calquera outro proceso de loita contra a pobreza ou a exclusión social, tras unha etapa breve de atención á emerxencia, é imprescindible traballar coas persoas a medio e longo prazo con acompañamento profesional que asegure a súa plena inclusión social e laboral. Animamos á cidadanía a que adique a súa imprescindible solidariedade a reforzar este proceso dende moitos distintos ámbitos.

Os Centros de Acollida de Persoas Refuxiadas (CAR) son os primeiros en atender ás persoas que lles foi aceptada a trámite a súa solicitude de asilo. E é nestes centros onde se lles ofrece, ademais de un teito, asesoría xurídica, apoio psico-social, intermediación laboral e apoio lingüístico, entre outras. O tempo máximo de permanencia nestes centros é de 6 meses.

Os CAR son ferramentas que dan resposta de urxencia pero non van máis alá. Precisamente, un dos retos máis importante é determinar como canalizar o proceso de acollida despois destes primeiros meses. As organización defendemos que esta debe ser unha resposta de dereitos e non de solidariedade.

### DEMANDAMOS e PROPOÑEMOS

- Sensatez: deben tomarse as medidas necesarias, tanto nos tempos como nas formas, para garantir a mellor acollida posible ás persoas refuxiadas. Non se poden tomar medidas a curto prazo, nin descoordinadas, que creen máis problemas que solucións.
- Que os representantes políticos dos Estados tomen medidas para solucionar en orixe os conflitos que provocan o exilio e o sufrimento de tantas persoas.
- O cumprimento dos convenios internacionais e as directivas e regulamentos europeos en materia de asilo e refuxio
- O respecto dos dereitos humanos nas fronteiras e garantía na protección das persoas, en especial ás menores e as máis vulnerables.
- Unha política europea común de asilo
- A creación de corredores humanitarios para que as persoas refuxiadas que actualmente están en tránsito poidan pedir asilo en diferentes Estados
- Ampliar e axilizar o sistema de asilo para as persoas que xa están no Estado español (tamén en Galicia) e que actualmente están pendentes de ser atendidas, mediante o reforzo da Oficina de Asilo e Refuxio do Ministerio do Interior e de persoal debidamente formado nas Oficina de Estranxeiría, para conseguir unha maior axilidade nas entrevistas de solicitude.
- Unha maior sensibilidade á hora de dar resposta ás persoas que no poden acceder ao sistema de acollida porque está colapsado (en lugares como Madrid tárdase un mínimo de 4 meses en obter unha cita).

- Que as administracións asuman que son elas as responsables de garantir os dereitos das persoas refuxiadas e promover a súa autonomía. Iso significa que haberá que promover a súa integración facilitando alugueres de pisos, garantido o acceso ao sistema educativo e sanitario, a través da mediación lingüística, etc.
- Que a Xunta de Galicia poña a disposición das persoas migrantes e refuxiadas recursos que tamén beneficien ao conxunto das persoas en situación de pobreza e/ou exclusión: recursos sanitarios, de reforzo escolar e educación inclusiva plena, de tradución, de integración e mediación, etc. Para iso, ademais de incrementar os escasos recursos existentes, haberá que promocionar a formación entre as persoas que os atenden e asegurar a coordinación cos xa existentes.
- A posta en marcha dun programa de formación dirixido ao persoal das administracións públicas que atenden en distintos servizos a persoas migrantes e refuxiadas
- Participación da Coordinadora de ONGD e EAPN Galicia na mesa de diálogo creada pola Xunta de Galicia sobre esta cuestión.
- Vontade de interlocución entre as diferentes administracións: estatal, autonómica e local.
- Que as organizacións sociais e os concellos traballemos conxuntamente, man a man, na posta en marcha de campañas de sensibilización dirixidas á poboación para combater os discursos racistas e xenófobos; para rachar cos discursos que falan de migrantes de primeira e de segunda; e para falar das causas da pobreza e das guerras.
- Que se recuperen os fondos de cooperación e os programas de atención á poboación de orixe estranxeira previos aos recortes, o cal contribuirá a mellorar a situación nos países de orixe e a construír unha sociedade xusta e cohesionada.
- Unha cobertura mediática rigorosa, tanto dos medios como das organizacións e colectivos, que non contribúa a xerar falsas expectativas nin discursos xenófobos.

As organizacións ofrecémonos a colaborar en todo o que sexa posible en función das nosas experiencias e recursos, tanto a nivel de asesoría como de atención directa. Polo que estamos a participar nos distintos espazos de traballo no que se nos convoca e elaborando un mapa de recursos propios que poida ser de utilidade.

**Para máis información e entrevistas:**

**Coordinadora Galega de ONGD**

Helena Capera (981 585 189 / 618 626 627)

[www.galiciasolidaria.org](http://www.galiciasolidaria.org)

**Rede Galega contra a Pobreza**

Xosé Cuns (698 127 110)

[www.eapn-galicia.com](http://www.eapn-galicia.com)